



ADMISIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2017-2018

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2017-2018 axustarase á lexislación e proceso que se indican:

1. NORMATIVA REGULADORA DE ADMISIÓN

- **Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG do 26/12/2012)**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 12 de marzo del 2013** (DOG 15/03/2013), pola que se desenvolve o citado Decreto.
- **Orde do 25 de xaneiro de 2017** (DOG 1/02/17), pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013.
- **Lei 26/2015, de 28 de xullo**, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- **Lei 39/2015, do 1 de outubro**, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- **Instrucións** da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e O.U..

2. OFERTA DE POSTOS ESCOLARES DISPONIBLES:

Cursos de Educación Infantil e Educación Primaria	Prazas ofertadas
Educación Infantil 3 anos – 4 EI	66 + 8 (N.E.E.) (1)
Educación Infantil 4 anos – 5 EI	0
Educación Infantil 5 anos – 6 EI	0
1º Educación Primaria - 1 EP	0
2º Educación Primaria - 2 EP	0
3º Educación Primaria - 3 EP	0
4º Educación Primaria - 4 EP	0
5º Educación Primaria - 5 EP	0
6º Educación Primaria - 6 EP	0

- (1) Prazas reservadas para posible escolarización pola Comisión de Escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais.

3. ÁREA DE INFLUENCIA E IES DE ADSCRICIÓN DO CENTRO

A área de influencia do Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura no **plano exposto** neste taboleiro de anuncios. Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria obrigatoria o Centro está **adscrito ao Instituto de Educación Secundaria Eusebio da Guarda**.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (de acordo coa disposición adicional primeira da Orde do 12 de marzo de 2013.)

- **Última semana de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo:** sorteo público a efectos de desempate. Extraeranse catro letras do abecedario, que determinarán, correlativamente, a primeira e segunda letra do primeiro apelido e a primeira e segunda letra do segundo apelido.

- **Antes do 1 de marzo:** publicación dos postos escolares vacantes nos centros docentes.
- **Do 1 ao 20 de marzo,** ambos inclusive: prazo de presentación das solicitudes de admisión.
A solicitude débese presentar no centro no que se solicite praza en primeiro lugar ou a través da aplicación «admisionalumnado» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) **co formulario normalizado (ED550B)** -que se publica como anexo II da orde do 25 de xaneiro de 2017- e que será facilitado gratuitamente nos centros docentes e estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web da Consellería de Educación <http://www.edu.xunta.gal/portal/>. **De facelo a través da aplicación informática, deberase entregar no colexio o CÓDIGO que se xenara.**
 Só pode presentar **unha única solicitude**, na que poderase facer constar unha relación de ata 5 centros mais por orde de preferencia. Non é posible cambiar os centros relacionados e a súa orde de prelación una vez presentada a solicitude.
- **Do 22 de marzo a 4 de abril** presentarase a documentación acreditativa dos criterios do baremo, **únicamente** nos centros nos que exista **máis demanda que oferta** de postos escolares.
- **Antes do 25 de abril:** publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos, ordenadas segundo a orde de puntuación obtido e onde consten as puntuacións asignadas por cada criterio.

CONSULTA AUTOMÁTICA DE DATOS

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
- b) Domicilio fiscal.
- c) Renda anual per cápita da unidade familiar.
- d) Condición de familia numerosa.
- e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos que acrediten calquera destas circunstancias.

Na solicitude, na columna **“puntuación”**, os solicitantes deben cubrir os datos numéricos, **realizando unha autobaremación.**

A instancia de admisión poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillos/as común dun matrimonio non separado legalmente.

Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

Reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir da súa publicación, ante o **Consello Escolar**

no caso dos centros públicos e ante o titular no caso de centros privados concertados.

Antes do 15 de maio: publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos **Impugnación** das listaxes definitivas.

No caso de centros públicos, as persoas interesadas poderán interpoñer **recurso de alzada, ante o Xefe Territorial no prazo dun mes** contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (Art. 32).

Do 20 ao 30 de xuño: Formalización da matrícula no centro asignado en E. infantil e primaria.

Do 25 de xuño ao 10 de xullo: Formalización da matrícula en ESO e bacharelato.

As solicitudes que non obtivesen praza nos centros solicitados serán remitidas á COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN que lles asignará praza nos centros onde teñan vacantes. Tendo en conta, cando sexa posible, as preferencias dos pais, nais ou titores legais explicitadas na solicitude así como a puntuación obtida pola aplicación do baremo.

As solicitudes presentadas nos centros fóra do prazo de admisión, as duplicadas e as que conteñan erros ou datos falsos sobre os datos do/da alumno/a ou na documentación serán

remitidas á XEFATURA TERRITORIAL, da que recibirán unha notificación para que **presenten alegacións** e acheguen documentos ou xustificacións que estimen procedentes **nun prazo de 5 días hábiles**.

Admisión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Os centros que escolaricen a este alumnado, deben reservar **tres postos escolares por unidade**, en 4º de educación infantil e 1º de educación primaria, e 1.º da ESO.

Na solicitude de admisión deberán manifestar expresamente que optan a unha praza reservada para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de **discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, de trastornos graves de conduta ou por encontrarse en situación desfavorecida** como consecuencia de factores sociais económicos ou culturais.

5. DOCUMENTOS NECESARIOS PARA REALIZAR A SOLICITUDE DA MATRÍCULA

Deberáse **achegar coa solicitude de admisión a seguinte documentación:**

- a) Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
- b) Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a. (libro de familia ou DNI)
- C) Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

Documentos que cómpre presentar en caso de que exista máis demanda que oferta de postos escolares:

Acreditación de irmás/irmáns matriculados no centro (art. 20)

- Fotocopia completa do libro ou libros de familia
- Fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar (no caso de menores en situación de acollemento)

Acreditación de nai ou pai, titora ou titor legal que traballe no centro educativo (art. 21)

- Documento acreditativo expedido polo propio centro educativo

Acreditación do domicilio familiar na área de influencia do centro ou na área limítrofe (art. 22)

- Certificado do padrón municipal expedido no ano actual (**antigüidade no padrón mínima dun ano**)

Se non coincidise o domicilio familiar co fiscal, deberá presentar a seguinte documentación complementaria:

- Copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar.
- Contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome da persoa solicitante na vivenda declarada como domicilio familiar.

Acreditación do lugar de traballo da nai, pai ou titor/a legal na área de influencia ou na área limítrofe (art. 22)

- Documento expedido para o efecto polo empregador xunto cunha copia de contrato de traballo (para traballadores/as por conta allea)
- Alta censual inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as modificacións posteriores e as altas na Tesouraría Xeral no Réxime de Seguridade Social (para traballadores/as por conta propia)
- Certificado da Xefatura de Persoal correspondente (para persoal ao servizo das administracións públicas)

(* Acreditación da renda anual da unidade familiar (art. 23)

- No caso en que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña dos datos tributarios das persoas integrantes da unidade familiar, estas deberán achegar unha certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada unha delas que permita aplicar o baremo.

(* Acreditación da condición de familia numerosa (art. 24)

- Fotocopia do título oficial de familia numerosa en vigor ou do carné familiar galego ou da copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.

Acreditación da condición de familia monoparental (art. 25)

- Fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.

(* Acreditación da condición de discapacidade (art. 26)

- Certificado do ditame sobre discapacidade igual ou superior ao 33% no alumno/a, pai, nai, titor/a legal ou irmáns emitido polo órgano competente da Administración pública.

Acreditación para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (art. 37)

- Documentación xustificativa das devanditas situacións e circunstancias. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán o informe dos servizos oficiais competentes.

(* Só cando denegue a súa consulta automática de datos pola Consellería de Educación.

6. VALORACIÓN DOS CRITERIOS XERAIS DO BAREMO

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Existencia de irmás/irmáns no centro e no caso de irmás/áns que nacesen dun parto múltiple (art. 20)	
Unha irmá/ irmán matriculado no centro	8 puntos
Segundo e seguintes irmáns matriculados no centro	2 puntos por irmán
Pai, nai ou titor legal traballador do centro (art. 21) (non acumulable a de ambos os proxenitores)	3 puntos
(*) Proximidade do domicilio familiar ao centro (art. 22) (non acumulable coa proximidade do lugar de traballo)	
Domicilio familiar na área de influencia do centro	6puntos
Domicilio familiar nas áreas limítrofes	3 puntos
Domicilio familiar noutras áreas	0 puntos
(*) Proximidade do lugar de traballo ao centro (art. 22) (non acumulable coa proximidade do domicilio familiar)	
Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal na área de influencia do centro	4 puntos
Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal nas áreas limítrofes	2 punto
Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal noutras áreas	0 puntos
Renda anual da unidade familiar (art. 23.7) con referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM do 2015: 6.390,13€ anuais, con exclusión das pagas extraordinarias)	
Ingresos inferiores a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,75 veces e inferior ao IPREM	1 punto
Ingresos iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos
Renda anual da unidade familiar (art. 23.7) con referencia o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM do 2015: 6.390,13€ anuais, con exclusión das pagas extraordinarias)	
Ingresos inferiores a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,75 veces e inferior ao IPREM	1 punto
Ingresos iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos
Familia numerosa (art. 24)	
Familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
Familia monoparental (art. 25)	
Condición de familia monoparental	2 puntos
Discapacidade igual ou superior ao 33% (art. 26)	
No alumno ou alumna	4 puntos
No pai, nai ou titor/a legal	3 puntos
Nos irmáns do alumno ou alumna	1 punto
Criterio complementario aprobado polo Consello Escolar dos centros (art. 28)	1 punto

• CRITERIO COMPLEMENTARIO DE CENTRO

Dentro dos criterios xerais de admisión do alumnado apartado *i) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo Consello Escolar do centro* acorda establecer o seguinte criterio:

Por solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público

- (*) **O mapa das áreas de influencia** editado polo Concello da Coruña (segundo as instrucións dadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) pode ser consultado nos centros docentes da cidade, nos rexistros de María Pita, Fórum, Mesoiro e Ágora, nas Bibliotecas Municipais, no Centro Municipal de Información Xuvenil e nas páxinas web municipais: www.edu.coruna.es e www.coruna.es

7. CRITERIOS DE DESEMPATE na puntuación final atendendo á seguinte orden de preferencia:

- Maior puntuación no apartado de ter irmás/irmáns matriculados no centro.
- Maior puntuación no apartado de ter nai, pai ou titores traballando no centro.
- Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.
- Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.
- Posuír a condición de familia numerosa. Posuír a condición de familia monoparental
- Maior puntuación no apartado de discapacidade. Criterio establecido polo centro

8. RECURSOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

- Aulas titoriais: 9 aulas de E.I. e 19 aulas de E.P., todas dotadas de canón de proxección e ordenador.
- Aulas de especialidades:
 - Informática: 1

- Inglés: 3.
 - Música: 1
 - Pedagogía Terapéutica: 2
 - Audición e Linguaxe: 1
 - Orientación: 1
 - Ximnasia: 2
 - Relixión: 2
- Salón de Actos
 - Biblioteca.
 - O centro conta ademais con dúas seccións bilingües (música e plástica no 1º ciclo) e auxiliar de conversa nativo/a en inglés.

9. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Os servizos complementarios que ofrece o centro son:

- Programa madrugadores (apertura ás 7.30 horas, con almorzo ou sen almorzo)
- Comedor escolar (de 14 a 16 horas)
- Actividades extraescolares (de 16 a 18 horas)

Organizados e xestionados pola ANPA do Colexio.

- Programa P.O.E. (de 16 a 18 horas)
- Actividades deportivas (de 16 a 18 horas)

Organizados polo Concello

Lexislación aplicable:

Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e O.U. (DOG, 06/02/2007)

Orde do 21 de febreiro de 2007 polo que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e O.U. (DOG, 05/03/2007).

10. INFORMACIÓN IMPORTANTE

- Cada alumno/a só pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar; a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poideran corresponder.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, **se presenta solicitude de admisión noutro centro deberá comunicalo**, ao mesmo tempo, **ao centro de orixe**.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

11. INFORMACIÓN NA WEB

Toda a información relativa ó proceso de admisión poderase consultar na web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipeusebiodaguarda/>.

A Coruña, 1 de marzo de 2017.

Vº e Prace
O Director do Centro

A secretaria

Asdo: Juan Manuel Millares Álvarez

Asdo: Ester Muñiz Míguez

